

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**8548** *Real decreto lei 7/2009, do 22 de maio, de concesión dun crédito extraordinario ao orzamento do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, para a axuda á adquisición de vehículos e á renovación do parque de vehículos Plan 2000 E, por importe de 100.000.000 de euros.*

En cumprimento das resolucións adoptadas no debate sobre o Estado da Nación, e como medida coaduvante á recuperación económica, o Goberno decidiu regular a concesión directa de subvencións para a adquisición de vehículos, Plan 2000 E de apoio á renovación do parque de vehículos, no marco do previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As subvencións concederanse para a adquisición de vehículos de categoría M1 (vehículos de motor con polo menos catro rodas deseñados e fabricados para o transporte de pasaxeiros) e de categoría N1 (vehículos cuxa masa máxima non supere as 3,5 toneladas, deseñados e fabricados para o transporte de mercadorías).

O importe das axudas que concederá o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio será de 500 euros/vehículo e un máximo de 200.000 vehículos, financiados desde o 18 de maio de 2009 ata o 18 de maio de 2010.

O financiamento destas axudas, dado o momento de adopción da medida, non dispón de crédito nos vixentes orzamentos xerais do Estado, polo que resulta necesaria a súa habilitación mediante a concesión do correspondente crédito extraordinario.

A situación pola que atravesamos a economía española e a non demora no aboamento das axudas constitúen as razóns de extraordinaria e urxente necesidade que xustifican a concesión do crédito extraordinario mediante real decreto lei.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de maio de 2009,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Concesión dun crédito extraordinario.*

1. Para a concesión de subvencións para a adquisición de vehículos, Plan 2000 E, de apoio á renovación do parque de vehículos concédese un crédito extraordinario ao orzamento en vigor da sección 20 «Ministerio de Industria, Turismo e Comercio», servizo 16 «Dirección Xeral de Industria», programa 422 B «Desenvolvemento industrial», capítulo 7 «Transferencias de capital», artigo 78 «A familias e institucións sen fins de lucro», concepto 781 «Subvencións para a adquisición de vehículos, Plan 2000 E, de apoio á renovación do parque de vehículos», por un importe de 100.000.000 de euros.

2. O crédito extraordinario que se concede no punto anterior financiarase con débeda pública.

##### Artigo 2. *Incorporación dos remanentes do crédito extraordinario.*

Os remanentes do crédito extraordinario concedido no artigo anterior, non utilizados no exercicio 2009, poderanse incorporar ao exercicio seguinte sen que resulte de aplicación o disposto no artigo 50 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e no artigo 16 do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria aprobado polo Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro, respecto do financiamento das incorporacións de crédito.

Disposición derradeira primeira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de maio de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO